# *Diccionario de frecuencias léxicas do galego escrito para nenos (LEXIGAL-PRIMARIA)*

**Mª Carmen Teijido López**
**Mª Luz Pérez Vázquez**
**Isabel Fraga Carou**

## *Utilidade do diccionario*

Este diccionario será de utilidade en distintos eidos. En primeiro lugar, na investigación psicolingüística para a selección de estímulos para os experimentos, e tamén, na investigación sociolingüística para facer, por exemplo, comparacións destas frecuencias coas das palabras na fala dos nenos, coas frecuencias nos textos escritos para adultos, para desenvolver traballos de investigación acerca do coñecemento real ou manexo que os rapaces fan desas palabras... e moitos máis.

En segundo lugar, no ámbito educativo o diccionario pode ser de grande axuda como guía para a ensinanza de vocabulario básico do galego, xa que proporciona un repertorio de palabras axeitadas a cada tramo de idade, de forma que os educadores poden escoller palabras que, pola súa frecuencia, resulte conveniente ir incorporando ao vocabulario dos nenos.

Finalmente, este diccionario resultará moi útil ós profesionais que traballan no ámbito clínico ou de reeducación dos trastornos da linguaxe, para a elaboración de materiais en lingua galega tanto de diagnóstico como de tratamento.

## *Descrición e funcionamento da base de datos*

O Cd permite traballar coa base de datos en dúas versións, unha para Access 97 e outra para Access 2000, funcionando ambas as dúas do mesmo xeito.

### Consulta abreviada

Unha vez aberta a base de datos, aparece a seguinte pantalla:




Na dita pantalla o primeiro criterio de busca que aparece é o referido ás palabras, permitindo buscar palabras que comecen, terminen, conteñan, sexan iguais ou distintas á letra, conxunto de letras ou palabra que se escriba no cadro superior dereito. Por exemplo, na seguinte pantalla pódese ver que imos buscar palabras que conteñan "per".



A continuación podemos seleccionar o tramo ou tramos de idade que nos interesen para a nosa busca marcando no cadro correspondente. O cadro "Totais" incluiría todas as  idades, dende 0 ata 12 anos.

Nas seguintes filas podemos escoller un rango de frecuencias de uso (opcional), tendo que elixir entre frecuencia absoluta (número de veces que aparece a palabra na mostra) ou frecuencia ponderada (número de veces que aparecería a palabra se a mostra fose dun millón) e marcando no cadro correspondente a orde de presentación dos datos, descendente (de maior a menor) ou ascendente (de menor a maior).

Seguindo co exemplo, buscamos para nenos entre 8 e 10 anos palabras que conteñan "per", cunha frecuencia ponderada entre 10 e 12. Ademais pedimos que os datos aparezan en orde descendente.




Como último criterio de busca (opcional), podemos restrinxir o tamaño das palabras segundo o seu número de letras.

Unha vez realizados todos estes pasos, marcando o recadro "Nº de casos" aparecerá o número de palabras que cumpren todos os  criterios seleccionados.

No noso exemplo escollemos palabras cun tamaño entre 4 e 10 letras. Ao marcar no cadro  correspondente, vemos que hai 12 casos.




Agora xa estamos en disposición de ver o listado de palabras correspondente. Se escollemos o recadro "Consultar", aparecerá unha pantalla coa busca específica feita por nós. Para o noso exemplo a pantalla sería a seguinte:




| Palabra | Tamaño | 8-10 po |
|---|---|---|
| espertei | 8 | 12 |
| perfume | 7 | 12 |
| perigosas | 9 | 12 |
| periódicos | 10 | 12 |
| perruca | 7 | 12 |
| desespero | 9 | 10 |
| percibir | 8 | 10 |
| perdidas | 8 | 10 |
| perdo | 5 | 10 |
| permanecen | 10 | 10 |
| permanecer | 10 | 10 |
| pertencía | 9 | 10 |

En cambio, escollendo a casilla "Ver informe" aparecerá unha pantalla cunha táboa que inclúe todos os casos da nosa busca para todos os tramos de idade e con ambos os dous tipos de frecuencia. Os datos da nosa busca específica aparecerán resaltados en cor. Tanto na pantalla de consulta como na de informe aparece como dato adicional a lonxitude de cada palabra.

Na pantalla do informe pódese seleccionar o cadro que permite imprimir estes datos.

O informe do noso exemplo sería:



Universidade de Santiago de Compostela - [Diccionario]

Imprimir

Universidade de
Santiago de Compostela
Departamento de Psicoloxía
Social e Básica

Grupo de Psicoloxía da Linguaxe (GPL)
Dir. Isabel Fraga Carou

LEXIGAL-PRIMARIA

| Palabra | 0-5 anos | | 6-7 anos | | 8-10 anos | | 11-12 anos | | Totais | | Lonxitude |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Fr.Abs | Fr.Pon | Fr.Abs | Fr.Pon | Fr.Abs | Fr.Pon | Fr.Abs | Fr.Pon | Fr.Abs | Fr.Pon | |
| espertei | 2 | 17 | 2 | 9 | 11 | 12 | 5 | 6 | 20 | 44 | 8 |
| perfume | 0 | 0 | 3 | 14 | 11 | 12 | 9 | 10 | 23 | 36 | 7 |
| perigosas | 4 | 34 | 1 | 5 | 11 | 12 | 15 | 17 | 31 | 68 | 9 |
| periódicos | 0 | 0 | 1 | 5 | 11 | 12 | 8 | 9 | 20 | 26 | 10 |
| perruca | 0 | 0 | 0 | 0 | 11 | 12 | 2 | 2 | 13 | 14 | 7 |
| desespero | 0 | 0 | 1 | 5 | 10 | 10 | 4 | 4 | 15 | 19 | 9 |
| percibir | 1 | 9 | 0 | 0 | 10 | 10 | 14 | 15 | 25 | 34 | 8 |
| perdidas | 1 | 9 | 1 | 5 | 10 | 10 | 4 | 4 | 16 | 28 | 8 |
| perdo | 2 | 17 | 2 | 9 | 10 | 10 | 9 | 10 | 23 | 46 | 5 |
| permanecen | 0 | 0 | 2 | 9 | 10 | 10 | 6 | 7 | 18 | 26 | 10 |
| permanecer | 0 | 0 | 1 | 5 | 10 | 10 | 13 | 14 | 24 | 29 | 10 |
| pertencía | 1 | 9 | 2 | 9 | 10 | 10 | 8 | 9 | 21 | 37 | 9 |

Página: 1

**Consulta avanzada**

Na consulta avanzada o sistema de busca é similar ó da busca abreviada, coa diferenza de que agora é posible seleccionar no criterio de busca de frecuencia ambos os dous tipos, de forma que podemos escoller un rango para a frecuencia absoluta e outro para a frecuencia ponderada. Ademáis esta elección pode facerse en cada un dos tramos de idade.

Seguindo co exemplo anterior, buscamos agora palabras de máis de 4 letras para nenos de 8 a 10 anos que conteñan "per", cunha frecuencia absoluta menor que 11 e unha frecuencia ponderada igual a 10. A presentación pedímola en orden descendente.




Outra diferenza é que na busca avanzada tanto no caso da consulta coma no do informe aparecen os datos referidos a todos os tramos de idade (na busca abreviada aparecían só cando se pedía o informe). Tamén neste caso é posible imprimir o informe.

Universidade de Santiago de Compostela

Diccionario

| Palabra | Tamaño | 0-5 ab | 0-5 po | 6-7 ab | 6-7 po | 8-10 ab | 8-10 po | 11-12 ab | 11-12 po | Total ab | Total po |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| desespero | 9 | 0 | 0 | 1 | 5 | 10 | 10 | 4 | 4 | 15 | 19 |
| percibir | 8 | 1 | 9 | 0 | 0 | 10 | 10 | 14 | 15 | 25 | 34 |
| perdidas | 8 | 1 | 9 | 1 | 5 | 10 | 10 | 4 | 4 | 16 | 28 |
| perdo | 5 | 2 | 17 | 2 | 9 | 10 | 10 | 9 | 10 | 23 | 46 |
| permanecen | 10 | 0 | 0 | 2 | 9 | 10 | 10 | 6 | 7 | 18 | 26 |
| permanecer | 10 | 0 | 0 | 1 | 5 | 10 | 10 | 13 | 14 | 24 | 29 |
| pertencía | 9 | 1 | 9 | 2 | 9 | 10 | 10 | 8 | 9 | 21 | 37 |

Registro: 7 de 7 (Filtrado)

Universidade de Santiago de Compostela

Imprimir

Diccionario

Universidade de Santiago de Compostela
Departamento de Psicoloxía Social e Básica

Grupo de Psicoloxía da Linguaxe (GPL)
Dir. Isabel Fraga Carou

# LEXIGAL-PRIMARIA

| Palabra | 0-5 anos | | 6-7 anos | | 8-10 anos | | 11-12 anos | | Totais | | Lonxitude |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Fr. Abs | Fr. Pon | Fr. Abs | Fr. Pon | Fr. Abs | Fr. Pon | Fr. Abs | Fr. Pon | Fr. Abs | Fr. Pon | |
| desespero | 0 | 0 | 1 | 5 | 10 | 10 | 4 | 4 | 15 | 19 | 9 |
| percibir | 1 | 9 | 0 | 0 | 10 | 10 | 14 | 15 | 25 | 34 | 8 |
| perdidas | 1 | 9 | 1 | 5 | 10 | 10 | 4 | 4 | 16 | 28 | 8 |
| perdo | 2 | 17 | 2 | 9 | 10 | 10 | 9 | 10 | 23 | 46 | 5 |
| permanecen | 0 | 0 | 2 | 9 | 10 | 10 | 6 | 7 | 18 | 26 | 10 |
| permanecer | 0 | 0 | 1 | 5 | 10 | 10 | 13 | 14 | 24 | 29 | 10 |
| pertencía | 1 | 9 | 2 | 9 | 10 | 10 | 8 | 9 | 21 | 37 | 9 |

Página: 1